

REGULAMENTO DA WEB DA CPMA-VIGO. BORRADOR

RESUMO

Este é o regulamento para participar na web da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente da Delegación en Vigo do COAG.

Se ben o acceso ós contidos públicos non precisa de ningún requisito, a publicación de traballos e mailo acceso á zona restrinxida precisan dunha regulamentación axeitada.

O regulamento desenvolve:

- I. Obxecto
- II. Estructura da web
- III. Permisos de acceso e publicación
- IV. Regras de publicación
- V. Aprobación, modificacións e anexos

REGULAMENTO DA WEB DA CPMA-VIGO. BORRADOR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta Directiva da Delegación do COAG en Vigo, en desenvolvemento da súa iniciativa programática e estratéxica de fomentar a participación dos Colexiados e fomentar a divulgación da arquitectura e a laboura dos arquitectos cara á sociedade, crea a páxina web da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente (CPMA) como medio máis adoito e económico para a organización, traballo e divulgación dos contidos referentes á arquitectura do territorio na súa demarcación.

Os obxectivos da web son mantermos ó día nas novidades da materia, fomentar os estudos e proxectos sobre o ámbito xeográfico da demarcación, analizar e discutir normativa, teorías, metodoloxías e opinións... pero co valor engadido de amosar directamente ó público a nosa actividade como xeito de fomentar o coñecemento da arquitectura do territorio, pór en valor a nosa experiencia e seguir a ser o referente profesional do urbanismo e o medio ambiente.

A web instruméntase como ferramenta para a participación, polo que non se pon coto á publicación dos Colexiados, que en todo caso serán os responsables das súas propias publicacións, sen asumir a CPMA ou a Xunta Directiva de Vigo seus contidos. O límite ás publicacións dos Colexiados e comentarios públicos ven dado pola cortesía e o rigor.

Regulaméntanse si unhas normas de presentación para que o uso da web sexa áxil e non acaparativa de ningún traballo e danse ademais unhas instrucións para a creación de contas de acceso.

Por último danse as regras para a aprobación e modificación do regulamento e a elaboración de anexos que independice o seu correcto funcionamento dos responsables eventuais da Comisión.

I OBXECTO

1. É obxecto deste regulamento a administración, acceso e publicación na web da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente da Delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
2. Este regulamento baséase na súa parte técnica na plataforma escollida para o desenvolvemento da web, que é wordpress, en adiante nomeada como plataforma.

II ESTRUCTURA DA WEB

3. A web estrutúrase en dúas zonas que se corresponden con dous blogs: o público, de acceso xeral, e o privado, de acceso restrinxido, para uso dos colexiados da Delegación e consonte as regras de administración deste regulamento.
4. Ademais da posibilidade de enlace directo ós blogs mediante o seu enderezo web, o blog público terá enlace desde a páxina web do COAG-Vigo e o privado desde o blog público.
5. O contido da web baséase na publicación de artigos que permiten os comentarios alleos ligados ós mesmas. Cada artigo ten os seus propios comentarios. Os artigos, consonte a plataforma, permiten a indexación por autor, data de publicación, categoría ou forma e obxectivo do artigo, e por unha ou varias etiquetas ou palabras clave que definen á temática do seu contido.
6. O seguemento de cada blog da web poderá personalizarse mediante avisos automatizados dos novos contidos segundo as posibilidades da plataforma.

III PERMISOS DE ACCESO E PUBLICACIÓN

7. Son usuarios tódalas persoas que enlacen coa zona pública da web. A navegación pola mesma e a publicación de comentarios non requirirán permisos nin indentificación personal. Os operadores do blog poderán anular os comentarios impropios por cortesía ou tema non afín.

8. Son autores os Colexiados da Delegación con autorización para acceso á zona privada e para crear, editar, publicar e suprimir os seus propios artigos na web, tanto na zona pública como para na privada. Para acadar esta condición, os Colexiados que o soliciten obterán a autorización unha vez que, polos seus medios e seguindo as instrucións propias da plataforma, os solicitantes obteñan a identificación de acceso á mesma. Os autores aceptan implicitamente as normas deste regulamento. A condición de autor pérdese por baixa na Delegación ou solicitude do interesado.
9. Son invitados os Colexiados do COAG coa condición de autor en algún dos blogs da web. Calquera membro da Xunta Directiva e tamén o Presidente da Comisión poderán autorizar como invitado, e polo prazo que estimen oportuno, a calquera Colexiado do COAG por mor da coordinación de traballos con outras Delegacións ou Sede.
10. Son operadores as persoas con autorización para o mantemento de cada blog da web. Consonte a plataforma, os operadores poderán ser colaboradores, editores ou administradores. Os operadores serán preferiblemente usuarios avanzados e, en todo caso, estarán obrigados a coñecer e respectar o presente regulamento, as súas modificacións e os seus anexos; estarán obrigados ó leal segredo sobre os datos e información que pola súa condición de operadores teñan coñecemento; asimismo autorizarán a publicación na web e calquera outro medio do COAG a súa condición persoal e nominal de operador. Os colaboradores poden para crear e editar artigos, pero non para publicalos. Os editores poden crear, editar e suprimir artigos propios ou alleos; moderar discusións e comentarios; e xestionar categorías e etiquetas. Os administradores teñen capacidade absoluta sobre o blog, o seu aspecto, enlaces, artigos, discusións, comentarios, categorías, etiquetas e autorizacións. Esta condición de operador, meramente instrumental, acádase e pérdese por decisión de calquera membro da Xunta Directiva ou decisión do Presidente da Comisión.

IV REGRAS DE PUBLICACIÓN

11. O Presidente da Comisión velará para que o único límite imposto ás publicacións, sexan artigos, discusións ou comentarios, sexa a legalidade, a cortesía e o rigor.
12. Os idiomas de publicación serán indistintamente o galego e o castelán. Non se impón a necesidade de publicación en ámbolos dous idiomas. Poderá publicarse, ademais de en galego ou castelán, a tradución a outros idiomas.
13. Os contidos das publicacións son responsabilidade exclusiva de cada autor. A súa divulgación na web non presupón aceptación ou opinión algunha da Comisión ou da Xunta Directiva de Vigo.

14. Agás os comentarios na zona pública, toda outra publicación identificará nominalmente ó seu autor. Os operadores engadirán este dato se non se declararan na publicación orixinal.
15. O autor debe ser autor intelectual dos seus artigos e se fixera uso de material alleo seguirá as pautas ó respecto dos traballos de investigación. A publicación na web non supón alteración da propiedade intelectual.
16. O autor publica libremente e sen contraprestación.
17. O autor publicará directamente os seus artigos, por si mesmo e facendo uso dos medios da plataforma.
18. O autor estruturará os seus artigos, consonte a plataforma, en título, resumo e, se é o caso, enlace. A extensión do título e mailo resumo, que aparecen directamente no blog, non poderá acaparar o contido visual da web. O resumo poderá conter pequenas imaxes sempre que se respecte o anterior. Como enlace poderá publicar un ou varios arquivos de calquera tipo con toda a extensión necesaria.
19. O autor indexará, consonte a plataforma e os anexos a este regulamento, mediante categorías e etiquetas o contido de cada artigo. Os operadores poderán reindexar os artigos por mellor acomodado ós anexos ó regulamento.
20. Os operadores rexeitarán a publicación de calquera artigo por incumprimento destas regras de presentación que non serán de aplicación ós comunicados da Comisión.

V APROBACIÓN, MODIFICACIÓNS E ANEXOS

21. Este regulamento apróbase por acordo da Xunta Directiva de Vigo, que ten a facultade plena de modificalo e derrogalo.
22. A propia Comisión, mediante as suxestións dos colexiados na web e outros medios, poderá modificar este regulamento. Para elo, o seu Presidente publicará na zona privada da web a proposta de modificación detallando os motivos e apoios da mesma. A proposta publicada será entendida como presentada ante a Comisión e maila Xunta Directiva, que terá quince días para rexeitala, e de non facelo será considerada como aprobada e efectiva. O acordo tomado, sexa a favor, en contra ou por silencio positivo, será publicado na zona privada da web, e o novo regulamento na parte pública.
23. O Presidente da Comisión poderá elaborar e publicar na web os anexos oportunos para o desenvolvemento deste regulamento, especialmente os que atinxen á axuda para o uso da plataforma como son a obtención da identificación de acceso á plataforma ou edición de artigos.

24. O Presidente da Comisión será administrador da web e decidirá sobre os seus temas organizativos, sobre a súa aparencia, enlaces, aplicacións, indexación, etc. sempre que non contradigan este regulamento. O Presidente da Comisión velará para que estas decisións queden debidamente documentadas na web como anexos, de xeito que o seu cese non supoña merma no funcionamento da web por descoñecemento destes detalles.